BOPPO BOLETÍN OFICIAL DA PROVINCIA DE PONTEVEDRA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

Martes, 19 de xaneiro de 2021
Núm. 11

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

PONTEVEDRA

Presupostos e cadros de persoal

APROBACIÓN INICIAL DO ORZAMENTO XERAL DO CONCELLO 2021

Orzamento xeral do Concello para o exercicio 2021
Anuncio aprobación inicial

O Pleno da Corporación na sesión extraordinaria celebrada o día 15.01.2021, aprobou inicialmente os orzamentos xerais do Concello para o exercicio 2021, integrados polo orzamento do Concello e a previsión de ingresos e gastos da sociedade mercantil "Turismo de Pontevedra, S.A.", cuxo importe consolidado de ingresos é de 80.752.300,00.-€, e o importe consolidado de gastos é de 80.742.885,00.-€.

No mesmo acordo aprobouse inicialmente o cadro de persoal do Concello de Pontevedra para o ano 2021.

Polo tanto, sométese o expediente do Orzamento Xeral 2021 e o de aprobación do Cadro de Persoal aos requisitos de publicidade do artigo 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, con información pública polo prazo de quince días hábiles.

A estes efectos publicaranse anuncios de exposición pública no Boletín Oficial da Provincia e no Taboleiro municipal.

Así mesmo, e de acordo co artigo 7 c) d) e e) da Lei 19/2013 (en relación co 5.4 da mesma norma) publicase o seu texto na sede electrónica do Concello (sede.pontevedra.gal), xunto coas súas correspondentes memorias xustificativas e informes, manténdose esta publicación en tanto dure o prazo de alegacións anteriormente exposto. Faise constar esta publicación para os efectos da súa consulta, sen prexuízo da do expediente no seu conxunto, de así instarse.

O Orzamento Xeral do Concello de Pontevedra para 2021, considerarase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se tiveran presentado reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

Entrará en vigor unha vez publicado o resume por capítulos resultante, e remitidas copias á Comunidade Autónoma e á dependencia correspondente do Ministerio de Facenda.

Isto de conformidade co establecido nos artigos 169 do RDL 2/2004, do 5 de marzo, polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, así como nos artigos 20 e 38.2 do Real Decreto 500/1990, do 20 de abril. De igual modo, procederase a publicación do Cadro de Persoal aprobado.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:SVIK9MY7I3BCFHN8

Publicaranse ambos instrumentos, así mesmo, na sede electrónica municipal, de conformidade cos artigos 7 e 8, en relación co 5, da Lei 19/2013.

O que se fai público en exercicio das funcións conferidas a esta secretaría polo artigo 122.5.d) da Lei 7/1985, e 47 e) e 114.7 do Regulamento Orgánico Municipal.

Pontevedra, ao día da sinatura.

O Secretario

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo: https://sede.depo.gal
Código seguro de verificación:SVIK9MY7I3BCFHN8